

Cabo de Gata: Reserva Mariña.

Nas áridas paisaxes do sueste da península ibérica, de cando en vez, aparecen, entre dunas e marismas, hipnóticos oasis cheos de vida.

De cara ao mar e ata onde chega a vista, o vento e as ondas xogan a esculpir os portentosos cantís volcánicos da costa de Cabo de Gata.

Aos pes do faro, seductores cantos de serea agóchanse entre gretas e ocos deste abrupto e máxico litoral almeriense.

Baixo a superficie, o leito mariño amósase harmonioso. Verdes pradarias de *Posidonia Oceanica*, extensos fondos de area e esbeltas formacións rocosas integran este complexo ecosistema.

A grande diversidade de especies, hábitats e paisaxes enriquece os fondos da Reserva Mariña de interese pesqueiro de Cabo de Gata-Níjar. Un espazo de 4613 hectareas, protexido dende 1995, grazas á iniciativa da Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Incontables peixes de múltiples tamaños e cores atopan aquí un lugar idóneo onde levar a cabo as súas funcións vitais. Algunhas especies pásanse por estes fondos costeiros na procura de alimento, namentres outras tenden a se agochar na penumbra e agardar que chegue a noite ou que algunha presa confiada quede ao seu alcance. Os fondos do Cabo de Gata, similares a un mosaico, son un lugar ideal para subsistir xeración tras xeración.

Tanto os fondos rocosos recubertos de diferentes tipos de algas, como os brandos de area e pradarias de fanerógamas conforman unha multitude de hábitats que albergan milleiros de organismos moi diversos. O resultado é un complexo e perfecto sistema onde as especies conviven en equilibrio.

E cada recanto submarino depara unha sorpresa: lonxevos ceriantos de longos e hábiles tentáculos cos que atrapan ás súas presas, e belas gorgonias bermellas, formadas por abondosos pólipos coloniais.

As algas tamén desenvolven un papel moi importante. Ademais da base da vida que constitúe a súa actividade fotosintética, a cantidade de formas e tamaños que presentan as algas fotófilas son un dos factores primordiais para que aumente a diversidade da biocenose bentónica destes fondos protexidos.

Os equinodermos, como a estrela bermella, unha hábil depredadora, ou agrupacións de violáceos ourizos, herbívoros estes, son exemplos de organismos que compiten uns cos outros por ter un lugar onde se poder alimentar, gocer e reproducir.

Éste é o espectáculo da supervivencia no mosaico de vida que acontece todos os días nas augas da Reserva Mariña de Cabo de Gata.